

RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE TRES MIL SEISCENTOS NOVENTA (3.690 M²) METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NA PRAIA DE SAN AMARO, NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA (A CORUÑA)

Expediente: A-2025-375-C

Logo de examinar a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio (LC) e no Regulamento xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), relativo á prórroga da concesión outorgada por Orden Ministerial do 30 de agosto de 2011 ao Club de Mar de San Amaro, para a ocupación de tres mil seiscientos noventa metros cadrados (3.690 m²) de dominio público marítimo-terrestre (DPMT), con destino a instalacións deportivas na praia de San Amaro, no termo municipal da Coruña (A Coruña), resultan os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. Mediante a Orde do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino do 30.08.2011 outorgouse ao Club de Mar de San Amaro unha concesión administrativa para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) na praia de San Amaro, no termo municipal da Coruña (A Coruña), con destino a instalacións deportivas, sobre unha superficie de 3.690 m², por un prazo de quince (15) anos, ata o 27.09.2026.

2. O 04.03.2026, o Club de Mar de San Amaro solicitou ante o Servizo do Litoral da Coruña, a prórroga da concesión, ao abeiro do artigo 131 e seguintes do Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Club de Mar de San Amaro
Data da solicitude:	04.03.2026
Obxecto:	Prórroga da concesión para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino a instalacións deportivas



Situación:	Praia de San Amaro, no termo municipal da Coruña
Superficie:	3.690 m ²

3. O 20.05.2026 requiríuselle ao Club de Mar de San Amaro, ao abeiro do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que achegase determinada documentación para continuar coa tramitación da súa solicitude de prórroga.

Consta no expediente que o 12.06.2026 o interesado atendeu o requirimento.

4. O 15.06.2026 requiríuselle ao Club de Mar de San Amaro para que achegase o poder de representación do solicitante, a través dun certificado da Xunta directiva ou dos estatutos, ao abeiro do citado artigo 68 da Lei 39/2015.

O 19.06.2026 o interesado achegou a documentación solicitada.

5. O 15.06.2026 solicitouse o informe de criterio á Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, en relación coa garantía da integridade física e do uso público do dominio público marítimo-terrestre, así como sobre o importe do canon; de acordo co disposto nos apartados D.3 e C.1 do Anexo do Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Transcorrido o prazo de dous meses previsto no Real decreto 394/2025, do 13 de maio, non consta a emisión do devandito informe.

6. O 29.06.2026 emitíuse o informe técnico do proxecto sobre a solicitude de prórroga da concesión de ocupación de bens de dominio público marítimo-terrestre con destino a instalacións deportivas na praia de San Amaro, no concello da Coruña; no que se conclúe que a mesma reúne os requisitos esixidos para continuar a tramitación do expediente.

7. Con data do 21.07.2026, o persoal de vixilancia do Servizo do Litoral da Coruña emitiu o correspondente informe tras a visita ao terreo realizada o 17.07.2026. No mesmo conclúe que a concesión se atopa nas mesmas condicións en que se outorgou, e afirma que non



consta que se haxa incumplido ningún condicionante da concesión, sendo a súa actividade a mesma.

8. Con data do 26.08.2026 déuselle traslado ó Club del Mar de San Amaro da oferta de condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do DPMT, para á súa aceptación, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC.

9. O 31.08.2026 o Club del de San Amaro achegou un escrito asinado polo Presidente no que fai constar que acepta as condicións e prescricións recollidas no informe asinado en data 26.08.2026 polo xefe do Servizo do Litoral do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio publico marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesiones demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto



192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

II.2. Marco xurídico

1. A solicitude de prórroga da concesión presentada polo Club del Mar de San Amaro procede tramitála ao abeiro do artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

2. O Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), que entrou en vigor o 12.10.2014, desenvolve nos seus artigos 172 a 178 e na súa DT 16ª o citado réxime da prórroga extraordinaria das concesións.

3. Segundo o artigo 20.4 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, os prazos de duración dos títulos de ocupación do DPMT se computarán desde o seu outorgamento e incluírán todas as súas prórrogas, de ser estas posibles, sin superar os prazos máximos establecidos na LC e na Lei [33/2003, do 3 de novembro](#), de Patrimonio das Administracións Públicas, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos que se diten tras a entrada en vigor desta lei en incumprimento do previsto neste artigo.

4. Neste marco regulador, tendo en conta que a O.M. do 30.08.2011 estableceu para a concesión de referencia un prazo de 15 anos, e que o devandito prazo finalizará o 27.09.2026, de conformidade co disposto nos artigos 135 e 174.2.g do RXC, propónse unha prórroga do prazo concesional de quince (15) anos. Este prazo poderá prorrogarse por un prazo máximo de 15 anos, respectando o límite de 30 anos previsto no artigo 174.2.g do RXC.

Dado que a solicitude de prórroga presentouse antes dos seis meses previstos á data de extinción do prazo para o que foi inicialmente concedida, o prazo da prórroga computarase desde o 04.03.2026, de conformidade co artigo 172.2 do RXC.

5. O concesionario presentou a documentación exixida no RXC e, segundo a documentación obrante no expediente, a concesión non está incurso en ningunha causa de caducidade, polo que se podería proceder ao outorgamento da prórroga de acordo co establecido no artigo 172.3 do RXC.



6. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

Ao respecto, cómpre advertir que, de conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

Tal e como se adiantou nos antecedentes, o 15.06.2026 solicitouse á Demarcación de Costas, do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, a emisión de informe de criterio e sobre o importe do canon. Unha vez transcorrido o prazo previsto para a emisión do devandito informe, sen que este se emitira, proseguíuse coa tramitación do expediente.

7. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

Á vista de canto antecede, dado que o proxecto é acorde co disposto na Lei de costas e no Regulamento xeral de costas, **RESOLVO:**

OUTORGAR ao Club del Mar de San Amaro a prórroga da concesión outorgada pola Orde ministerial do 30.08.2011 para a ocupación de tres mil seiscientos noventa metros cadrados (3.690 m²) de dominio público marítimo-terrestre, con destino a instalacións deportivas na praia de San Amaro, no termo municipal da Coruña (A Coruña), a cal quedará suxeita ás condicións e prescricións contidas na citada Orde ministerial do 30.08.2011, a excepción da Condición Particular primeira, que quedará redactada como se recolle a continuación:

CONDICIÓN PARTICULAR PRIMEIRA.

A prórroga desta concesión outorgase por un prazo de quince (15) anos, contado a partir do 04.03.2026. Este prazo poderá prorrogarse por un prazo máximo de quince (15) anos, respectando o límite de trinta (30) anos, consonte ao disposto



na Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, no Regulamento Xeral de Costas e na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

Notifíquese a presente resolución á persoa interesada, coa indicación de que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula Uría Traba

